



PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	BIOLOXÍA	CURSO	2º BACHARELATO
CURSO ACADÉMICO	2020-21	PROFESOR	MÓNICA DAPENA MARTÍNEZ

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS DO CURSO 2019-2020.

Durante o curso 2019-20 na materia de bioloxía impartíronse todos os contidos, non habendo aprendizaxes non adquiridas.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1: A BASE MOLECULAR E FISICOQUÍMICA DA VIDA

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<p>Compoñentes químicos da vida. Concepto de bioelementos. Tipos, propiedades e funcións dos bioelementos.</p> <p>Os enlaces químicos e a súa importancia en bioloxía.</p> <p>Biomoléculas: concepto, clasificación e técnicas de separación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Describe técnicas instrumentais e métodos físicos e químicos que permiten o illamento das moléculas e a súa contribución ao grande avance da experimentación biolóxica. • Clasifica os tipos de bioelementos relacionando cada un coa súa proporción e función biolóxica. • Discrimina os enlaces químicos que permiten a formación de moléculas inorgánicas e orgánicas presentes nos seres vivos.
<p>Biomoléculas inorgánicas. Estrutura e propiedades fisicoquímicas da auga que a fan unha molécula imprescindible para a vida. Funcións dos sales minerais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Relaciona a estrutura química da auga coas súas funcións biolóxicas. • Distingue os tipos de sales minerais, e relaciona a composición coa función.
<p>Fisicoquímica das dispersións acuosas. Difusión, ósmose e diálise</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Contrasta e realiza experiencias dos procesos de difusión, osmose e diálise, e interpreta a súa relación coa concentración salina das células.

<p>Biomoléculas orgánicas: concepto, clasificación, estrutura, propiedades e funcións biolóxicas de glúcidos, lípidos, prótidos e ácidos nucleicos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e clasifica os tipos de biomoléculas orgánicas, e relaciona a súa composición química coa súa estrutura e coa súa función. • Contrasta e relaciona os procesos de diálise, centrifugación e electroforese, e interpreta a súa relación coas biomoléculas orgánicas. • Identifica os monómeros e distingue os enlaces químicos que permiten a síntese das macromoléculas: enlaces O-glicosídico, enlace éster, enlace peptídico e enlace O-nucleosídico. • Deseña e realiza experiencias identificando en mostras biolóxicas a presenza de moléculas orgánicas. • Describe a composición e a función das principais biomoléculas orgánicas. • Describe a estrutura e a composición química do ADN.
<p>Encimas: concepto, clasificación, propiedades e funcións: Catálise encimática. Activación e inhibición encimática. Alosteroismo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Contrasta o papel fundamental dos encimas como biocatalizadores, e relaciona as súas propiedades coa súa función catalítica.
<p>Vitaminas: concepto, clasificación e funcións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os tipos de vitaminas asociando a súa imprescindible función coas doenzas que preveñen.



CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2: A CÉLULA VIVA. MORFOLOXÍA, FISIOLOXÍA E ESTRUCTURA CELULAR

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<p>A célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos. Teoría celular. Evolución dos métodos de estudo das células. Preparación e procesamento das mostras para a observación ao microscopio óptico e electrónico. Morfoloxía celular. Composición, estrutura, funcións e propiedades das envolturas e dos orgánulos celulares. Modelos de organización celular en células procariotas e eucariotas. Células animais e vexetais. Observación microscópica de células procariotas e eucariotas tanto animais como vexetais</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Esquematiza os orgánulos citoplasmáticos e recoñece as súas estruturas. • Compara unha célula procariota cunha eucariota, e identifica os orgánulos citoplasmático presentes nelas. • Analiza a relación entre a composición química, a estrutura e a ultraestrutura dos orgánulos celulares, e a súa función.
<p>O ciclo celular</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as fases do ciclo celular, e explica os principais procesos que acontecen en cada unha.
<p>División celular. Mitose en células animais e vexetais. Meiose. Necesidade biolóxica da meiose para a reprodución sexual. Importancia da reprodución sexual na evolución dos seres vivos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece en microfotografías e esquemas as fases da mitose e da meiose, e indica os acontecementos básicos que se producen en cada unha. • Establece as analoxías e as diferenzas máis significativas entre mitose e meiose. • Resume a relación da meiose coa reprodución sexual, o aumento da variabilidade xenética e a posibilidade de evolución das especies.
<p>Importancia da membrana nos fenómenos de transporte. Tipos de transporte. Endocitose e exocitose.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Compara e distingue os tipos e os subtipos de transporte a través das membranas, e explica detalladamente as características de cada un.

Introdución ao metabolismo: catabolismo e anabolismo. Reaccións metabólicas: aspectos enerxéticos e de regulación.	<ul style="list-style-type: none"> Define e interpreta os procesos catabólicos e os anabólicos, así como os intercambios enerxéticos asociados a eles.
Respiración celular: o seu significado biolóxico. Orgánulos celulares implicados no proceso respiratorio.	<ul style="list-style-type: none"> Sitúa, a nivel celular e a nivel de orgánulo, o lugar onde se produce cada un destes procesos, e diferencia en cada caso as rutas principais de degradación e de síntese, e os encimas e as moléculas máis importantes responsables dos devanditos procesos.
Diferenzas entre as vías aeróbicas e anaeróbicas. As fermentacións e as súas aplicacións. Observación do proceso de fermentación mediante lévedos.	<ul style="list-style-type: none"> Contrasta as vías aeróbicas e anaeróbicas, e establece a súa relación co seu rendemento enerxético. Valora a importancia das fermentacións en numerosos procesos industriais, e recoñece as súas aplicacións.
Fotosíntese: localización celular en procariotas e eucariotas. Etapas do proceso fotosintético. Balance global.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica e clasifica os tipos de organismos fotosintéticos. Localiza a nivel subcelular onde se leva a cabo cada fase, e destaca os procesos que teñen lugar.
Importancia biolóxica da fotosíntese.	<ul style="list-style-type: none"> Contrasta a importancia biolóxica da fotosíntese para o mantemento da vida na Terra.
Quimiosíntese.	<ul style="list-style-type: none"> Valora o papel biolóxico dos organismos quimiosintéticos.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3: XENÉTICA E EVOLUCIÓN

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
Xenética molecular. Importancia biolóxica do ADN como portador da información xenética. Concepto de xene.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece a importancia biolóxica do ADN como molécula responsable do almacenamento, a conservación e a transmisión da información xenética.



<p>Replicación do ADN. Etapas da replicación. Diferenzas entre o proceso replicativo entre eucariotas e procariotas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia as etapas da replicación e identifica os encimas implicados nela. • Interpreta e explica esquemas dos procesos de replicación. • Resolve exercicios prácticos de replicación.
<p>ARN: tipos e funcións. Fluxo da información xenética nos seres vivos. Resolución de problemas de xenética molecular.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia os tipos de ARN e a función de cada un nos procesos de transcrición e tradución. • Establece a relación do ADN co proceso da síntese de proteínas.
<p>Expresión dos xenes. Transcrición e tradución xenéticas en procariotas e eucariotas. O código xenético na información xenética. Regulación da expresión xénica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta e explica esquemas dos procesos de transcrición e tradución. • Recoñece e indica as características fundamentais do código xenético. • Resolve exercicios prácticos de transcrición e tradución, e de aplicación do código xenético. • Identifica e distingue os encimas principais relacionados cos procesos de transcrición e tradución. • Aplica os coñecementos do código xenético á resolución de problemas de xenética molecular.
<p>Mutacións: tipos. Axentes mutaxénicos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Clasifica as mutacións e identifica os axentes mutaxénicos máis frecuentes. • Describe o concepto de mutación e establece a súa relación cos fallos na transmisión da información xenética.

Mutacións e cancro. Implicacións das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.	<ul style="list-style-type: none"> • Asocia a relación entre a mutación e o cancro, e determina os riscos que implican algúns axentes mutaxénicos. • Destaca a importancia das mutacións na evolución e na aparición de novas especies.
Enxeñaría xenética. Principais liñas actuais de investigación. Organismos modificados xeneticamente.	<ul style="list-style-type: none"> • Resume e realiza investigacións sobre as técnicas desenvolvidas nos procesos de manipulación xenética para a obtención de organismos transxénicos.
Proxecto xenoma: repercusións sociais e valoracións éticas da manipulación xenética e das novas terapias xénicas.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e indica os descubrimentos máis recentes sobre o xenoma humano e as súas aplicacións en enxeñaría xenética, e valora as súas implicacións éticas e sociais.
Xenética mendeliana. Teoría cromosómica da herdanza. Determinismo do sexo e herdanza ligada ao sexo e influída polo sexo.	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza e predí aplicando os principios da xenética mendeliana., os resultados de exercicios de transmisión de caracteres autosómicos, caracteres ligados ao sexo e influídos polo sexo.
Evidencias do proceso evolutivo.	<ul style="list-style-type: none"> • Argumenta evidencias que demostran o feito evolutivo.
Darwinismo e neodarwinismo: teoría sintética da evolución.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os principios da teoría darwinista e neodarwinista, e compara as súas diferenzas.
Xenética de poboacións. Frecuencias xénicas e a súa relación coa evolución.	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue os factores que inflúen nas frecuencias xénicas. • Comprende e aplica modelos de estudo das frecuencias xénicas na investigación privada e en modelos teóricos.
A mutación e a recombinación xénica como procesos que xeran cambios e adaptacións. Principios da selección natural.	<ul style="list-style-type: none"> • Ilustra a relación entre mutación e recombinación, o aumento da diversidade e a súa influencia na evolución dos seres vivos.
Evolución e biodiversidade.	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue tipos de especiación e identifica os factores que posibilitan a segregación dunha especie orixinal en dúas especies diferentes.



CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4: O MUNDO DOS MICROORGANISMOS E SÚAS APLICACIÓNS. BIOTECNOLOXÍA

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
Microbioloxía. Concepto de microorganismo. Microorganismos con organización celular e sen ela.	<ul style="list-style-type: none"> Clasifica os microorganismos no grupo taxonómico ao que pertencen.
Virus, outras formas acelulares e partículas infectivas subvirais. Bacterias. Fungos microscópicos. Protozoos. Algas microscópicas. Observación microscópica de protozoos, algas e fungos.	<ul style="list-style-type: none"> Analiza a estrutura e a composición dos microorganismos e relacións coa súa función.
Métodos de estudo dos microorganismos. Esterilización e pasteurización. Realización de experiencias de cultivo de microorganismos.	<ul style="list-style-type: none"> Describe técnicas instrumentais que permiten o illamento, o cultivo e o estudo dos microorganismos para a experimentación biolóxica.
Microorganismos nos ciclos xeoquímicos.	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece e explica o papel fundamental dos microorganismos nos ciclos xeoquímicos.
Microorganismos como axentes produtores de doenzas.	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona os microorganismos patóxenos máis frecuentes coas doenzas que orixinan.
Bioteχνoloxía. Utilización dos microorganismos nos procesos industriais: produtos elaborados por bioteχνoloxía. Realización de experiencias con microorganismos fermentadores.	<ul style="list-style-type: none"> Valora as aplicacións da bioteχνoloxía e a enxeñaría xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación, para o mantemento e a mellora do medio. Analiza a intervención dos microorganismos en numerosos procesos naturais e industriais, e as súas numerosas aplicacións Recoñece e identifica os tipos de microorganismos implicados en procesos fermentativos de interese industrial.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 5: O SISTEMA INMUNITARIO. A INUNOLOXÍA E AS SÚAS APLICACIÓNS

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
Concepto actual de inmunidade. Sistema inmunitario. Defensas internas inespecíficas.	<ul style="list-style-type: none"> Analiza os mecanismos de autodefensa dos seres vivos e identifica os tipos de resposta inmunitaria.
Inmunidade específica: características e tipos (celular e humoral). Células responsables. Identificación de células inmunitarias mediante a súa observación.	<ul style="list-style-type: none"> Describe as características e os métodos de acción das células implicadas na resposta inmune.
Mecanismo de acción da resposta inmunitaria. Memoria inmunolóxica.	<ul style="list-style-type: none"> Compara as características da resposta inmune primaria e secundaria.
Antíxenos e anticorpos. Estrutura dos anticorpos. Formas de acción. A súa función na resposta inmune.	<ul style="list-style-type: none"> Define os conceptos de antígeno e de anticorpo, e reconece a estrutura e a composición química dos anticorpos.
Reacción antígeno-anticorpo: tipos e características.	<ul style="list-style-type: none"> Clasifica os tipos de reacción antígeno-anticorpo e resume as características de cada un.
Inmunidade natural e artificial ou adquirida. Soros e vacinas. A súa importancia na loita contra as doenzas infecciosas.	<ul style="list-style-type: none"> Destaca a importancia da memoria inmunolóxica no mecanismo de acción da resposta inmunitaria e asóciaa coa síntese de vacinas e soros.
Disfuncións e deficiencias do sistema inmunitario. Alerxias e inmunodeficiencias. O sistema inmunitario e o cancro.	<ul style="list-style-type: none"> Resume as principais alteracións e disfuncións do sistema inmunitario, e analiza as diferenzas entre alerxias e inmunodeficiencias.
A SIDA e os seus efectos no sistema inmunitario.	<ul style="list-style-type: none"> Describe o ciclo de desenvolvemento do VIH.
Doenzas autoinmunes	<ul style="list-style-type: none"> Clasifica e cita exemplos das doenzas autoinmunes máis frecuentes, así como os seus efectos sobre a saúde.
Anticorpos monoclonais e enxeñaría xenética.	<ul style="list-style-type: none"> Reconece e valora as aplicacións da inmunoloxía e da enxeñaría xenética para a produción de anticorpos monoclonais.



Transplante de órganos e problemas de rexeitamento. Reflexión ética sobre a doazón de órganos, medula e sangue.

- Describe os problemas asociados ao transplante de órganos, e identifica as células que actúan.
- Clasifica e entende os tipos de transplantes, e relaciona os avances neste ámbito co impacto futuro na doazón de órganos, medula e sangue.

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Intentaremos facer unha proba cada tres temas, se ben procurarei ser un pouco flexible neste aspecto adaptándome as preferencias e necesidades do alumnado.

En cada avaliación terase en conta os seguintes aspectos:

- Probas escritas que seguirán o mesmo modelo que as probas escritas das ABAU e nas que os alumnos poñan de manifesto os seus coñecementos teóricos.
- Interese dos alumnos pola materia.
- Realización das actividades propostas pola profesora ó longo do curso.

A nota en cada avaliación ven dada pola suma das cualificacións correspondentes os contidos, procedementos e actitudes. O peso de cada un deles é:

• **Contidos:** terán un peso do 95 % da nota. Se mide mediante probas escritas que puntuarán ata 9,5 puntos. Haberá polo menos 2 probas en cada avaliación. A nota será a media delas, sempre e cando en cada unha desas probas a nota sexa igual ou superior a 2,5 puntos (en caso contrario haberá que recuperar a avaliación). A baremación dos conceptos figurará nas probas/exames correspondentes. En cada proba poderase reducir a puntuación 0.05 puntos por faltas, incluíndo as tils ata un máximo de 1 punto. Tamén poderase baixar 0,5 por entregar o exame desordenado con tachóns e/ou letra ilexible.

• **Procedementos e actitudes:** terán un peso dun 5% (0.5 puntos). Se valorará as tarefas que o alumno realiza en clases (0.5 puntos). Se o alumno falta un 25% das sesións correspondentes a esa avaliación poderá levar como máximo 0,25 puntos neste apartado. Se falta máis do 50% non levará puntuación nese apartado.

Non hai redondeo á alza por proba, nin por avaliación.

A nota final de xuño ven dada pola media das tres avaliacións, tendo en conta os decimais de cada avaliación e redondeando se fora necesario. No caso de ter que redondear a nota será como sigue: 0.5 ou máis ponse a nota inmediata superior enteira e menos de 0.5 mantense a nota.

En cada avaliación haberá que ter unha nota de 5 puntos, sumando os contidos e os procedementos, para aprobala. Nas avaliacións parciais non haberá redondeo á alza e así, por exemplo, un 6,8 será un 6.



A nota será a media das distintas probas, sempre e cando en cada unha delas a nota sexa igual ou superior a 2,5 puntos (en caso contrario haberá que recuperar a avaliación).

O uso de calquera método, soporte electrónico, técnica,... para copiar tanto en probas orais como escritas suporá unha cualificación negativa da avaliación correspondente que terá que ser recuperada en xuño, aínda que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5.

RECUPERACIÓNS:

Non se recuperan probas non superadas, hai recuperación por avaliación cunha única proba.

No caso de non superar algunha avaliación, o/a alumno/a realizará unha proba oral (excepcionalmente) ou escrita de recuperación. Esta probas farán media coas notas das outras avaliacións que ten superadas e que puntuará o 100% da nota. A baremación dos conceptos figurará nas probas/ exames correspondentes. En cada proba poderase reducir a puntuación 0.05 puntos por faltas, incluíndo as tils ata un máximo de 1 punto. Tamén poderase baixar 0,5 por entregar o exame desordenado con tachóns e/ou letra ilexible.

En maio haberá unha proba oral (excepcionalmente) ou escrita para aqueles alumnos que aínda non superaran algunha avaliación na recuperación correspondente, e que puntuará o 100 % da nota. En cada proba poderase reducir a puntuación 0.05 puntos por faltas, incluíndo as tils ata un máximo de 1 punto. Tamén poderase baixar 0,5 por entregar o exame desordenado con tachóns e/ou letra ilexible.

O uso de calquera método, soporte electrónico, técnica, ... para copiar tanto en probas orais como escritas suporá a avaliación negativa da avaliación correspondente que terá que ser recuperada en xuño, aínda que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5.

Avaliación e cualificación tendo en conta outros escenarios:

Semipresencial: seguirase o establecido para o ensino presencial facendo o alumnado os exames cando a situación permita acudir ó centro.

Non presencial: seguirase con carácter xeral o establecido na programación. Realizaranse os exames establecidos para ensino presencial pero usando medios

telemáticos. Neste suposto as probas orais ou escritas serán de preguntas breves e cun tempo tamén limitado.

En canto as actividades, non se aceptarán fóra do prazo indicado ou por outros medios que non sexan os precisados polo profesorado. Todas as probas e traballos esixidos serán de carácter obrigatorio. A constatación de que algún alumno/a presenta actividades das que non é autor/a implicará automaticamente unha valoración de 0 en ditas actividades. Do mesmo modo, cando o profesorado considere que as probas ou as actividades que se fagan de xeito non presencial precisen dunha verificación de autoría, poderáselle requirir a realización dunha defensa oral que demostre a asimilación dos contidos por parte do alumnado que se atopará só nun espazo da súa casa.

O sistema de cualificación por avaliacións e a cualificación final será o que se establece nesta na programación para ensino presencial.

PROMOCIÓN

Para promocionar en xuño haberá que ter superadas as tres avaliacións parciais.

A nota final de xuño ven dada pola media das tres avaliacións, tendo en conta os decimais de cada avaliación e redondeando se fora necesario. No caso de ter que redondear a nota será como sigue: 0.5 ou máisponse a nota inmediata superior enteira e menos de 0.5 mantense a nota.

Para promocionar en setembro, haberá que ter superada a proba extraordinaria.

METODOLOXÍA

Como profesora tomarei como punto de partida os niveis de aprendizaxe e contidos básicos dos que parte o alumnado para ir avanzando en función das necesidades do mesmo. Deste modo pódese conseguir unha aprendizaxe significativa.

Intentarei, na medida do posible, fomentar aspectos de investigación–descubrimento para que o alumnado sexa activo e participativo, pero tamén autónomo e crítico, xa que en caso contrario podería perder o seu afán de coñecer. É por elo que intentarei facer exposicións teóricas amenas, utilizando tódolos medios didácticos o noso alcance e



poñendo exemplos que sexan familiares ós alumnos. Ademais, procurarei manter a atención dos alumnos con preguntas e pequenos debates na clase.

É importante destacar que a metodoloxía, ó longo de todas as actividades, será o suficientemente aberta para que permita introducir cambios non previstos, segundo cada momento que o proceso o demande.

Á materia se lle dedicará, segundo a lexislación vixente, catro horas semanais de clase. As actividades extraescolares relacionadas con esta materia (charlas, obradoiros,...) tentárase que coincidan coa hora de clase para interferir o menos posible con outras materias. A aula de referencia será, por mor do Covid, o salón de actos.

O material a usar nas clases de Ciencias será: libro de texto, apuntes entregados pola profesora, pizarra, DVDs, noticias de prensa, ordenadores, proxector, modelos de estruturas biolóxicas, internet, fotografía, material de laboratorio e en xeral o calquera que necesitemos e teñamos dispoñible para unha mellor comprensión das unidades didácticas.

O libro de texto que usaremos é

LIBRO DE TEXTO	Título do libro	BIOLOXIA
	Editorial	Vicens Vives
	Autor	M ^a D. Torres Lobejón, H. Argüello Miguélez e outros
	Data autorización	2016
	DEPÓSITO LEGAL	B. 11. 484-2016

A materia será impartida en galego incluídos os apuntes e resúmenes que elaboramos na clase ou a profesora. Aínda así aqueles termos científicos que varíen notablemente en galego e castelá indicáranse tamén en castelá.

Debido á situación actual de crise sanitaria, temos que ter en conta os seguintes escenarios:

a) Presencialidade: normalidade no curso coa metodoloxía xeral aplicada nos cursos anteriores e adecuada o grupo en concreto, coas súas particularidades e peculiaridades.

b) Semipresencialidade: Tendo en conta que na actividade lectiva semipresencial o alumnado acudirá con certa regularidade ao centro, a programación didáctica para a actividade lectiva presencial é válida tamén para esta modalidade. No caso de que unha

parte do alumnado dun grupo estea no centro uns días e outra parte na casa, nas sesións presenciais incidiríase fundamentalmente nas aclaracións de aspectos teóricos mentres que as actividades prácticas faríanas os días que estiveran na casa.

c) **Non presencial:** O uso de recursos tecnolóxicos serán a base para continuar co proceso formativo, desenvolvendo no alumnado actuacións que contribúan a que adquiera as competencias clave e os obxectivos de curso fixados para esta materia. As clases levaranse a cabo por videoconferencia co WEBEX no horario do grupo, traballando coa aula virtual e comunicación a través do correo electrónico.

Tanto na actividade semipresencial como na presencial seguiremos cos contidos e criterios de aprendizaxe previstos na programación de cara a que, cando remate o curso, o alumnado teña adquirida as aprendizaxes necesarias para poder afrontar a proba das ABAU con éxito.

De maneira xeral, realizaranse as seguintes actividades:

- Control da asistencia ás clases virtuais.
- Explicación da parte teórica de cada tema a través da aplicación Cisco Webex Meetings e seguimento do alumnado destas clases virtuais.
- Resolución por parte do profesorado actividades de cada tema tamén en clases virtuais.
- Resolución por parte do alumnado de actividades de cada tema.
- Outras actividades que faciliten a valoración e o seguimento das clases virtuais así como o progreso do alumnado.

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.